

## Procedemento de eleccións da Xunta Directiva de FANPA

Segundo os estatutos aprobados na Asemblea Xeral de 24 de outubro de 2015 o proceso de elección se divide en dúas partes:

- Candidaturas conxuntas, compostas por un mínimo de oito e un máximo de dez persoas.
- Candidaturas individuais para vogais.

### Requisitos para formar parte da Xunta Directiva (Art. 15º)

- Ser maior de idade
- Non producirse incompatibilidades e non estar inhabilitado para o cargo segundo a lexislación vixente.
- Ter fillos menores de idade escolarizados nun centro público e posuír a condición de socio/a da ANPA do centro que estea integrada na FANPA.
- Non ostentar cargo público de libre designación ou cargo en calquera partido político, e non participar en listas electorais.

### Candidaturas conxuntas

#### Composición

Estarán compostas por entre oito e dez persoas e deberán identificar as persoas candidatas aos seguintes cargos :

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretaría
- Tesourería
- Vogalías (entre catro e seis persoas)

#### Documentación a presentar e prazo

Deberase presentar a seguinte documentación ante a Secretaría da FANPA **antes do 9 de marzo de 2018 ás 14:00 horas**:

- Solicitud de candidatura segundo o modelo do Anexo I asinada por todos os seus membros e co aval por parte dunha ANPA federada na FANPA.
- Copia dos DNI, NIE ou pasaporte de todas as persoas da candidatura.
- Acreditar ser pai, nai ou titor/a dun alumno/a menor de idade socio/a dunha ANPA integrada na FANPA de todos os membros da candidatura.

En caso de detectarse algún defecto ou sexa incompleta a documentación requirirase ao correo electrónico especificado na candidatura para que aporte a documentación requirida ou emende os erros antes do peche do prazo de presentación de candidaturas (**9 de marzo de 2018 ás 14:00 horas**)

#### Publicidade das candidaturas

Una vez pechado o prazo de candidaturas, procederase á publicación no taboleiro e na páxina web da FANPA das candidaturas presentadas que cumpran os requisitos determinados nos estatutos. As candidaturas enviarán toda a documentación que desexen que se publique na páxina web da FANPA antes do 12 de marzo de 2018 ás 12:00 horas.

Se porá a disposición das candidaturas as instalacións da FANPA para reunirse coas ANPA socias e ofrecerase a posibilidade de que sexa difundida a través do canal da FANPA en youtube. Unha vez establecido o calendario de reunións daráselle a oportuna publicidade cara as ANPA socias.

## Candidaturas individuais a vogais

### Documentación a presentar e prazo

Deberase presentar a seguinte documentación ante a Secretaría da FANPA **antes do 16 de marzo de 2018 ás 14:00 horas**, ou o mesmo día da elección durante á asemblea na que se procederá á votación no momento reservado para elo na orde do día (soamente para os delegados presentes na Asemblea):

- Solicitude de candidatura segundo o modelo do Anexo II asinada pola persoa candidata.
- Fotocopia do documento de identificación legal (DNI, NIE ou pasaporte)
- Acreditar ser pai, nai ou titor/a dun alumno/a menor de idade socio/a dunha ANPA integrada na FANPA.

### Calendario das eleccións:

<b>26/02/2018</b>	Convocatoria das eleccións
<b>09/03/2018 14:00</b>	Límite para a presentación de candidaturas conxuntas
<b>09/03/2018 20:00</b>	Publicación das candidaturas conxuntas admitidas
<b>12/03/2018 12:00</b>	Límite do envío de material por parte das candidaturas para publicar no portal web de FANPA e para o primeiro envío ás ANPA.
<b>12/03/2018 20:00</b>	Publicación da información enviada polas candidaturas e primeiro envío de información
<b>13/03/2018 – 14/03/2018</b>	Reunións das candidaturas coas ANPA
<b>15/03/2018 12:00</b>	Límite do envío de material por parte das candidaturas para o segundo envío ás ANPA.
<b>15/03/2018 20:00</b>	Publicación da información enviada polas candidaturas e segundo envío de información
<b>16/03/2018 14:00</b>	Límite para a presentación de candidaturas individuais a vogais
<b>17/03/2018</b>	Elección de nova Xunta Directiva
<b>23/03/2018 – 31/03/2018</b>	Sesión de constitución da nova Xunta Directiva

Pontevedra, 26 de febreiro de 2018

O secretario:

Javier Sánchez Sobral

## ANEXO I: CANDIDATURA CONXUNTA ÁS ELECCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA DA FANPA DO 17 DE MARZO DE 2018

### Datos xerais e de contacto

Nome da candidatura	
Persoa de contacto	
Teléfono de contacto	
Correo electrónico de contacto	

### Persoas que integran a candidatura

Cargo	NIF,NIE o pas.	Nome e apelidos	Sinatura*
Presidencia			
Vicepresidencia			
Secretaría			
Tesourería			
Vogalía			
Vogalía			
Vogalía			
Vogalía			
Vogalía (opc.)			
Vogalía (opc.)			

\*coa súa sinatura, os integrantes certifican que cumpren os requisitos establecidos nos estatutos para pertencer á xunta directiva. Deberase aportar copia do documento identificativo e certificado de pertenza a unha ANPA federada para todos os membros da candidatura

### Aval dunha ANPA integrada na FANPA

D/D<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, secretario/a da ANPA \_\_\_\_\_

#### CERTIFICO:

Que na reunión da Xunta Directiva desta ANPA celebrada en \_\_\_\_\_ o día \_\_ de \_\_\_\_\_ do 2018 adoptouse a decisión de avalar a presente candidatura nas eleccións á xunta directiva da FANPA a celebrar o 17 de marzo de 2018.

O secretario

Visto e prace, o/a presidente/a:

(selo da ANPA)

D/D<sup>o</sup>:

## ANEXO II: CANDIDATURA INDIVIDUAL PARA O CARGO DE VOGAL ÁS ELECCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA DA FANPA DO 17 DE MARZO DE 2018

D. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_, e domicilio en \_\_\_\_\_ PRESENTO A MIÑA CANDIDATURA para o cargo de vogal da xunta directiva da FANPA nas eleccións a celebrar o día 17 de marzo de 2018. Certifico que cumpro todos os requisitos para pertencer á xunta directiva da FANPA recollidos nos seus estatutos

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado: \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

Documentación que se aporta:

- Fotocopia do documento de identificación legal (DNI, NIE ou pasaporte) (presentar orixinal para cotexar)
- Acreditación de ser pai, nai ou titor/a dun alumno/a menor de idade nun centro público e socio/a da ANPA integrada na FANPA